

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS CONCELLO DE SILLEDA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas. Tamén lle corresponden as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que serán exercidas pola consellería competente en materia de medio ambiente.

Dentro da consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Urbanismo a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial, de conformidade ao apartado k) do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101, do 27 de maio) e do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril).

A Dirección xeral de Urbanismo conta con programas dirixidos á dotación de equipamentos públicos e de mellora de contornas urbanas.

Os procesos de urbanización adecuados ofrecen a posibilidade de novas formas de inclusión social, propiciando contornas máis equitativas nos que se facilita o acceso a servizos e a novas oportunidades, promovendo a participación e a mobilización dos seus cidadáns, e reflectindo a diversidade cultural e social das cidades.

As intervencións nas áreas definidas como contornas urbanas recollen unha serie de actuacións enfocadas a mellorar o espazo público, tendo en conta as necesidades de utilización e a mellora da contorna, o ambiente e a calidade de vida:



- Incrementando a oferta de infraestruturas e equipamentos óptimos para o desenvolvemento de actividades e eventos de carácter cultural que permitan garantir o acceso á cultura á totalidade da poboación.
- Recuperando o espazo público peonil para facilitar os desprazamentos e potenciar a súa función como espazo de encontro dos veciños.
- Mantendo e conservando as rúas en óptimas condicións de seguridade para os vehículos e os transeúntes.
- Incrementando a oferta dos espazos de convivencia, con especial atención a aqueles que revistan un especial interese histórico, artístico ou arquitectónico.

En definitiva, actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

2.- Antecedentes

Por Resolución do 7 de marzo de 2025 do Pleno da Deputación de Pontevedra en sesión extraordinaria, o concello de Silleda resultou beneficiario dunha das axudas, convocadas en réxime de concorrencia competitiva para concellos con poboación inferior a 50.000 habitantes, do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra para a execución do proxecto de Mellora da mobilidade peonil na Avenida do Parque.

O Concello de Silleda presentou con data do 7 de maio de 2025 un escrito solicitando a colaboración da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para acometer o devandito proxecto. A axuda concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 597.698,38 €, equivalente ao 80% do investimento previsto no proxecto (747.122,98 €), polo que o concello precisa a colaboración da consellería para financiar o 20% restante (149.424,60 €).

Como pon de manifesto no seu escrito, o proxecto enmárcase dentro das políticas municipais de transformación urbana sostible e accesible, aliñándose co Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) de Silleda, co Plan de Acción para a Axenda 2030 e co programa Cinto Verde, unha estratexia municipal que busca conectar todo o casco urbano a través de rúas humanizadas, accesibles e sostibles.

A Avenida do Parque é unha das principais arterias do casco urbano de Silleda e vertebra a mobilidade entre espazos clave do municipio, como a área comercial e



hostaleira do centro urbano, xeradora de actividade económica e social, e diversas zonas residenciais e equipamentos públicos fundamentais, incluíndo o parque central, a igrexa parroquial e diferentes espazos culturais. Non obstante, esta avenida presenta deficiencias en termos de accesibilidade, seguridade viaria e adecuación dos servizos públicos.

O espazo público preséntase como catalizador para a rexeneración urbana: áreas verdes, rúas, parques, equipamentos e instalacións públicas teñen unha gran capacidade de transformación.

O proxecto que se propón busca unha transformación integral da contorna, coa modernización das infraestruturas, a creación de novos espazos públicos accesibles e a mellora da eficiencia dos servizos urbanos.

Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia singular e sobrevida, que xustifica a tramitación deste convenio, posto que forma parte da estratexia municipal para consolidar Silleda como unha vila moderna, cohesionada e sostible, garantindo un urbanismo integrador e de calidade para a veciñanza e visitantes.

O proxecto presentado polo concello integra unha serie de intervencións coas seguintes finalidades:

- Humanización e mellora da accesibilidade, garantindo un espazo máis seguro para a veciñanza.
- Modernización de infraestruturas subterráneas, incluíndo o soterramento do cableado eléctrico e de telecomunicacións, a renovación da rede de iluminación pública con luminarias LED de baixo consumo e a mellora das infraestruturas hidráulicas.
- Mellora do servizo público de taxis, reubicando a parada nunha zona máis funcional, accesible e segura para as persoas usuarias, dotándoa ademais cunha marquesiña.
- Dinamización económica e social, coa creación dunha zona verde, a revalorización do espazo público e a renovación da pavimentación con pedra natural.
- Ampliación dos servizos culturais, coa apertura da igrexa parroquial cara á Rúa Santa Olaia, xerando un espazo aberto con escalinatas tipo auditorio para eventos culturais ao aire libre.



Polo exposto, estímase que coa execución do proxecto presentado polo concello se acadará un impacto favorable dentro do término municipal.

3.- Finalidade

As actuacións propostas polo concello, pola súa finalidade, forman parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas., no marco do urbanismo responsable que promove. Para estes efectos tense previsto formalizar co Concello de Silleda o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente durante dous anos, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de 1 ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Silleda para o financiamento da execución do proxecto de Mellora da mobilidade peonil na Avenida do Parque, cun orzamento estimado total de setecentos corenta e sete mil cento vinte e dous euros con noventa e oito céntimos (747.120,98 €), IVE engadido, contribuíndo cunha achega de, como máximo, cento catro mil cincocentos noventa e sete euros con vinte e dous céntimos (104.597,22 €), que representan o 14 % do investimento total, con cargo a aplicación orzamentaria 11.03.521A.762.0, código de proxecto 2015 00235, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A dita achega, ten que realizarse a través do Concello de Silleda, xa que esta institución é a mais axeitada para a realización das actuacións obxecto do convenio por tratarse dunha competencia do concello, ao abeiro do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O importe total do proxecto ascende a setecentos corenta e sete mil cento vinte e dous euros con noventa e oito céntimos (747.120,98 €), IVE engadido, dos que a Deputación de Pontevedra financiará, a través do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra a contía máxima de cincocentos noventa e sete mil seiscentos noventa e oito euros con trinta e oito céntimos (597.698,38 €) equivalentes ao 80% do total e o



Concello participará cunha achega de corenta e catro mil oitocentos vinte e sete euros con trinta e sete céntimos (44.827,38 €), que representan o 6 % do investimento total.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello no seu escrito do 7 de maio de 2025, por canto se trata dunha proposta que integra patrimonio, funcionalidade e sostibilidade para proxectar Silleda cara a un futuro urbano inclusivo e resiliente. Forma parte da estratexia municipal para consolidar Silleda como unha vila moderna, cohesionada e sostible, garantindo un urbanismo integrador e de calidade para a veciñanza e visitantes.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, a Directora Xeral de Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz

